

RESOLUCIÓN DE SOLIDARIEDADE CO SÁHARA OCCIDENTAL

As organizacións participantes no Encontro Sindical Internacional “A 46 anos de revolución, Nicaragua libre e soberana”, reiteramos a nosa solidariedade co pobo do Sáhara Occidental, a República Árabe Saharauí (RASD), a Fronte Polisario e a UGTSARIO.

En 1975, tras un longo período de colonización, o pobo saharauí foi abandonado á súa sorte, como consecuencia dos acordos entre o Estado Español e os EUA, que contribuíron á consolidación da coroa española e á estratexia da OTAN, iniciando, coa «Marcha Verde», un proceso de ocupación ilegal por parte de Marrocos.

Unha ocupación ante a cal os sucesivos gobernos da potencia administradora, o Estado español, pasaron de ignorar a anunciar, como fixo o seu actual presidente, Pedro Sánchez, en 2022, xunto coas autoridades marroquís, un plan que convertería o Sáhara Occidental nunha autonomía integrada en territorio marroquí, sacrificando, unha vez máis, os dereitos deste pobo cunha decisión ilegal, imperialista, arbitraria, inxusta e irresponsable, que contradí as resolucións da ONU e outras organizacións internacionais (Unión Africana, Corte Internacional de Xustiza etc.), e as múltiples sentenzas de tribunais internacionais sobre o territorio do Sáhara Occidental e os seus recursos, que non recoñecen a soberanía de Marrocos sobre o Sáhara Occidental e ratifican á fronte Polisario como único interlocutor e representante lexítimo para negociar sobre os recursos naturais do Sáhara Occidental.

As organizacións aquí presentes, esiximos:

- O cesamento inmediato da represión e das constantes violacións dos dereitos humanos e cívicos da poboación saharauí que viven nos territorios ocupados.
- A liberación de todos os presos políticos saharauís nos cárceres marroquís.
- A demolición do muro da vergoña que Marrocos construíu ao longo do territorio do Sáhara Occidental.
- O cesamento da explotación ilegal dos recursos naturais do Sáhara Occidental, en cumprimento das sentenzas do Tribunal de Xustiza Europeo.
- O cumprimento, sen máis demora, das resolucións adoptadas pola ONU e a habilitación inmediata da entidade creada para tal fin, a MINURSO, para a celebración dun referendo de autodeterminación que culmine coa súa independencia.

Por un Sáhara libre!